


IX.- A ORGANIZACIÓN DA PAZ

A.- A CONFERENCIA DE PARÍS

En **xaneiro de 1919** comezou en París a Conferencia internacional encargada de establecer as **condicións da paz**. Nesta Conferencia estiveron representados vinte e sete Estados, estando **excluídos** da mesma os países vencidos na guerra (Alemaña, Austria, Hungría, Bulgaria e Turquía), así como Rusia (que xa firmara con anterioridade a paz con Alemaña).



O **protagonismo fundamental** foi exercido **polas grandes potencias vencedoras** representadas na Conferencia polos seus dirixentes. A Paz de París tiña como obxectivo **impedir o rexurdimento de Alemaña** como gran potencia, **conseguir o equilibrio de poderes entre as potencias vencedoras**, particularmente na rexión dos Balcáns e nas colonias, para que non fosen fonte de novos conflitos e **manter illada a Rusia**, onde se implantara un réxime comunista, para o que se creou un “*cordón sanitario*”, coa creación de Polonia e o reforzamento de Romanía coa intención de evitar o “*contaxio*” revolucionario.



Na imaxe, de esquerda a dereita, os primeiros ministros británico (David Lloyd George), italiano (Vittorio Orlando) e francés (Georges Clemenceau) e o presidente dos Estados Unidos (Woodrow Wilson), nun descanso das conversacións de paz.

Despois de case dous anos de reunións **as resolucións da Conferencia serviron para satisfacer as aspiracións das potencias vencedoras** (coa excepción de Italia que non conseguiu que foran atendidas as súas peticións), que trataron de recuperarse das perdas morais e materiais da guerra a costa dos vencidos. Para os perdedores a paz foi unha “**paz imposta**” que rexeitaron desde o principio, aínda que se viron obrigados a firmar os correspondentes Tratados de paz.

A paz foi firmada por separado con cada un dos países derrotados, o que daría lugar a diversos tratados: **Tratado de Versalles** (con Alemaña); **Tratado de Saint-Germain** (con Austria); **Tratado de Trianon** (con Hungría); **Tratado de Neuilly** (con Bulgaria); **Tratado de Sèvres** (con Turquía). A estes Tratados habería que engadir o **Tratado de Brest-Litovsk** firmado por Rusia e Alemaña antes de que rematara a guerra.

? 11.- **Cando** comezou a Conferencia de París? Cal era o seu **obxectivo**? Que países **participaron** e que países **non puideron participar** nela?

12.- Indica o **nome dos países e dos dirixentes** que tiveron un papel **protagonista** na Conferencia.

13.- Por que consideraban os países vencidos que había unha “**paz imposta**”?

14.- Que **Tratados de paz** foron asinados?



As principais disposicións establecidas polos Tratados de paz trouxeron consigo **importantes perdas territoriais para os países vencidos**, que serviron para aumentar o territorio dalgúns dos países vencedores e para que aparecesen en Europa **novos Estados** (Finlandia, Letonia, Lituania, Estonia, Polonia, Austria, Hungría, Iugoslavia, Checoslovaquia). Ademais **os Estados derrotados foron obrigados a desmilitarizarse e a facer fronte ao pago de indemnizacións para reparar os destrozos provocados pola guerra**. Todas estas disposicións non sentaron ben en moitos países e un clima precursor dun novo enfrontamento mundial comezou a manifestarse.



? 15.- Indica as principais **disposicións** acordadas polos Tratados de Paz.



Los tres grandes constructores del nuevo orden mundial: Lloyd George, Clemenceau y Wilson. Dibujo de la revista *L'air vu*, febrero de 1919.

IX.- A ORGANIZACIÓN DA PAZ

A.- A CONFERENCIA DE PARÍS



? 11.- Cando comezou a Conferencia de París? Cal era o seu **obxectivo**? Que países **participaron** e que países **non puideron participar** nela?

12.- Indica o **nome dos países e dos dirixentes** que tiveron un papel **protagonista** na Conferencia.



*En xaneiro de 1919 inaugurouse en París unha Conferencia para establecer as condicións da paz. A base ideolóxica inicial da Paz de París foron os **14 puntos** expostos polo presidente estadounidense Wilson, que aportaban a visión dunha paz fundada na concordia e a ausencia de revancha.*

Para que a paz fose xusta e duradeira debía rexirse, entre outros, polos seguintes aspectos:

- *Supresión da diplomacia secreta.*
- *Liberdade de navegación e comercio internacional.*
- *Desmembración dos vellos Imperios e recoñecemento da independencia das minorías étnicas.*
- *Creación da Sociedade de Nacións, unha organización internacional que tería por obxectivo arbitrar as relacións internacionais e defender a paz.*


O presidente Wilson defendeu unha “nova diplomacia”. Pero chocou cos dirixentes europeos e co rechazo da opinión pública americana.

? 13.- Por que consideraban os países vencidos que había unha “paz imposta”?


14.- Que **Tratados de paz** foron asinados?

15.- Indica as principais **disposicións** acordadas polos Tratados de Paz.



*Os Tratados asinados cos países vencidos conformaron un **novo mapa de Europa**. O feito esencial foi a fin dos grandes Imperios alemán, austrohúngaro e turco e a formación de novas nacións, baixo o principio de “un Estado para cada nacionalidade”. Pero a realidade foi que moitos dos novos Estados non se correspondían coas nacionalidades. Así, algúns Estados incluían fortes minorías doutras nacionalidades, como Iugoslavia, que reunía a Serbia, Croacia, Eslovenia, Bosnia, Montenegro e Macedonia e a creación de Polonia e Romanía só tiña por obxectivo crear Estados-tapón contra a URSS.*



O Tratado máis importante foi o de Versalles, firmado con Alemaña, considerada a única culpable da guerra. Alemaña tivo que asumir o **pagamento de cuantiosas reparacións económicas aos países vencedores**, ceder as minas de carbón do Sarre a Francia. Ademais viuse obrigada a **reducir o seu exército** a non máis de 100.000 homes, entregar a súa frota a Reino Unido e aceptar a desmilitarización da Renania, na fronteira con Francia. O Tratado supuxo tamén **importantes perdas territoriais** para Alemaña, que debeu renunciar ás súas colonias; polo oeste perdeu Alsacia e Lorena, que volveron a Francia e polo leste, a rexión de Posnania foi cedida a Polonia, que obtiña así unha saída ao mar polo corredor de Danzig e deixaba Prusia Oriental separada do resto de Alemaña.




? **16.-** Que **consecuencias** tivo para Alemaña o Tratado de Versalles?





16.- Que consecuencias tivo para Alemaña o Tratado de Versalles?



O Tratado de Versalles foi unha imposición que os alemáns tiveron que aceptar. **Recoñecía a Alemaña e aos seus aliados como os únicos responsables da guerra** e condenábaa ao pago de elevadísimas reparacións de guerra. Tivo, ademais, que reducir os seus efectivos militares, aceptar a desmilitarización da Renania, na fronteira con Francia e entregar as súas colonias ás potencias vencedoras, á par que vía recortada as súas fronteiras.

Esta **postura tan dura cara a Alemaña foi impulsada por Francia e Bélxica, tolerada por Reino Unido e rexeitada por Estados Unidos**, que non asinou o Tratado porque non respectaba o espírito dos 14 puntos de Wilson. Isto foi a orixe do voluntario illamento dos Estados Unidos durante a década seguinte, e de que o país non participase na Sociedade de Nacións.

As Conferencias de paz non cerraron as feridas de guerra, ao contrario, alentaron unha ansia de desquite que foi crucial posteriormente, pois **os alemáns consideraban as condicións impostas polo Tratado de Versalles como unha humillación que acabaría exacerbando o seu nacionalismo e o desexo de vinganza no futuro**. Tamén en Italia aumentou a frustración porque as súas reivindicacións territoriais non foron atendidas e comezou a crecer un movemento nacionalista.



O Presidente estadounidense Wilson diríxese ao Primeiro ministro francés Clemenceau.

Espero que vostede estea de acordo, en principio, como o señor Lloyd George, na moderación que é necesario mostrar con Alemaña. Non queremos nin poderíamos destruíla: o noso maior erro sería darlle razóns poderosas para que quixese un día tomar o desquite. Cláusulas excesivas plantarían a semente segura da guerra. (...)

É necesario que evitemos darlle aos nosos inimigos a impresión de inxustiza. Non temo para o futuro as guerras preparadas por complots secretos dos gobernos, senón máis ben os conflitos creados polo descontento das poboacións. Se nos facemos a nós mesmos culpables da inxustiza, ese descontento será inevitable.

Georges Clemenceau, dirixíndose ao Consello dos Catro.

Tomo acta das palabras e das excelentes intencións do Presidente Wilson. El elimina o sentimento e o recordo: é aí onde teño unha observación que facer respecto ao que acaba de dicir. O feito da guerra non pode ser esquecido. América non viu esta guerra de preto durante os tres primeiros anos; nós, durante ese tempo, perdemos un millón de homes. Non nos queda man de obra. Os nosos amigos ingleses, que perderon menos que nós, pero de abondo para sufrir moito tamén, hanme comprender.

As probas que tivemos que pasar crearon un sentimento fondo sobre as reparacións que nos son debidas; e non se trata só de reparacións materiais, a necesidade de reparacións morais non é menos forte (...)


Buscades facer xustiza aos alemáns. Non pensedes que eles nos van perdoar, han buscar a ocasión de desquitarse (...)

B.- A SOCIEDADE DE NACIONS

O Tratado de Versalles establecía a creación da **Sociedade de Nacións**, organización internacional -precursora da actual ONU- que tiña a súa sede en Xenebra e comezou oficialmente a súa tarefa en xaneiro de 1920. Propoñíase organizar as bases da paz e a reorganización das relacións internacionais tras finalizar a Primeira Guerra Mundial. Nun principio a organización estaba integrada por 45 Estados, quedando excluídos os países vencidos na guerra e Rusia (país sometido a un illamento a nivel internacional como consecuencia do triunfo da Revolución bolxevique).

A nivel organizativo a Sociedade contaba cuns organismos de goberno:

- **A Asemblea Xeral** da que formaban parte todos os Estados membros, dispoñendo cada un deles dun voto.
- **O Consello** formado por nove membros: cinco permanentes (os representantes de Reino Unido, Francia, Italia, Xapón e China) e catro non permanentes elixidos pola Asemblea.
- **A Secretaría Xeral** encargábase de coordinar e preparar as sesións da Asemblea e o Consello.
- **Organismos auxiliares**: Tribunal Internacional de Xustiza de A Haia, Organización Internacional do Traballo, etc.



? 17.- Define o concepto de **Sociedade de Nacións**.

18.- Que **organismos** formaban parte da Sociedade de Nacións?

Os obxectivos e competencias da organización eran fundamentalmente:

- Velar polo mantemento da paz, garantindo o principio de seguridade colectiva, a través do cal trataríase de solucionar os conflitos entre Estados por medio da arbitrase da Sociedade de Nacións.
- Potenciar unha política de desarme a nivel mundial.
- Converter ás antigas colonias pertencentes aos países derrotados na guerra (Alemaña e Turquía) en “mandatos internacionais” baixo a administración de Estados membros da Sociedade de Nacións e a supervisión desta organización.
- Estimular a cooperación internacional e poñer en marcha un amplo programa humanitario que contribuíra á reconstrución dos países afectados polo conflito.



? **19.-** Cales foron os **obxectivos** principais da SDN.

Como se indicou anteriormente, os membros fundadores da Sociedade foron 45 Estados. Practicamente de saída a organización sufriu un duro golpe cando **o Senado dos EE.UU.** (convertidos tras a guerra na potencia hexemónica a nivel internacional) **rexeitou, a pesar dos esforzos do presidente Wilson, o ingreso do seu país na mesma** (marzo de 1920). Ademais os primeiros anos da década de 1920 foron moi difíciles, ao vivir baixo a ameaza dun rexurdimento do conflito.



Dende 1925 suavizáronse as relacións internacionais e a Sociedade de Nacións empezou a parecerse á organización que se pretendía. Froito disto foi a **admisión de Alemaña en 1926** e **da URSS en 1934**. Sen embargo pronto quedou demostrada a debilidade da Sociedade, especialmente durante a década dos anos 30. As **razóns desa fraqueza** eran diversas: a imposibilidade de chegar a acordos entre os Estados membros cando o que se requería era unanimidade (especialmente para actuar en casos de guerra ou ameaza de guerra); os intereses contrapostos e os diferentes graos de desenvolvemento dos países da organización... Esta debilidade amosouse claramente cando a Sociedade de Nacións foi impotente ante a política expansionista dos Estados totalitarios (Alemaña, Italia ou Xapón) e non puido evitar a Segunda Guerra Mundial en 1939.

? 20.- A que se debía a **debilidade** da Soc. de Nacións?



Caricatura norteamericana criticando a Sociedade de Nacións. O Presidente Wilson dirixe a canción "Paz Perpetua", pero cada potencia, agás Estados Unidos, esconde aspiracións ocultas.

B.- A SOCIEDADE DE NAÇÕES

LEAGUE OF NATIONS



SOCIÉTÉ DES NATIONS

? 17.- Defina o concepto de *Sociedade de Nações*.

18.- Que **organismos** formaban parte da Sociedade de Nações?

19.- Cales foron os **obxectivos** principais da SDN.

20.- A que se debía a **debilidade** da Soc. de Nações?





O Emperador de Abisinia, Haile Selassie I, denuncia na Sede das Nacións Unidas a agresión de Italia, iniciada polos exércitos de Mussolini en outubro de 1935. O feito supuxo a oposición de Reino Unido, a permisividade de Francia e o total apoio de Alemaña. A Sociedade de Nacións impuxo sancións a Italia en novembro e Mussolini respondeu coa saída da delegación italiana de dito organismo. As sancións, sen embargo, non chegaron a ter efecto e, de feito, foron retiradas en xullo de 1936.



A débil reacción das potencias democráticas e o apoio da Alemaña de Hitler animaron ao ditador italiano a consumir a conquista do territorio africano. O moderno exército motorizado italiano destruiu completamente ao exército abisinio e o Emperador viuse obrigado a abandonar a capital Addis Abeba, que caeu en mans italianas o 5 de maio de 1936.

Tras a conquista de Abisinia, Mussolini proclamou o nacemento do Imperio italiano. En 1939 invadiu Albania.